

DIA DA PAZ 2024



O Día Escolar da Non Violencia e a Paz vén conmemorándose desde hai anos cada 30 de xaneiro na comunidade educativa do noso país e de moitos outros do mundo.

Sen dúbida, a paz é o soño da humanidade. Por este motivo, os centros de ensino tentamos contribuír a este ideal dunha ou outra maneira, e de forma transversal.

A nosa escola, coa súa mirada inclusiva, pretende ser un lugar de aprendizaxe por e para todos.

E desenvolve un papel fundamental na iniciación dos principios de concordia e harmonía entre as persoas, tanto cos máis pequenos e como cos máis maiores.

Este día é especial e moi importante para a nosa comunidade porque a escola busca un obxectivo: desenvolver nos alumnos hábitos e actitudes de respecto e tolerancia para crear un clima sen violencia en calquera ámbito das súas vidas.

E xa que os centros escolares son lugares de socialización para todo tipo de nenos e adolescentes, conmemorar este día supón transformar as instalacións educativas en sitios cheos de tolerancia e respecto, onde todos os alumnos comprométense a traballar pola paz e a non violencia.


E é que todo esforzo é pouco cando queremos lograr unha formación integral do alumno desde todas e cada unha das áreas do currículo.

Este ano todo o alumnado do centro baixo ao patio e presenciaron unha simulación do son das sirenas que anticipan os bombardeos nas guerras, posteriormente leuse un manifesto por parte do alumnado da ESO e finalmente gardamos un minutos de silencio en recordo de todas as vítimas das guerras.

Por outra banda os ciclos de infantil e primaria desenvolveron diferentes actividades relacionadas coa conmemoración e as titorías de secundaria elixiron un conflito bélico para traballar durante esta semana nas aulas.




Ficha de traballo do 1º ciclo de primaria



Listaxe de conflitos traballados en secundaria

Grupo	Conflicto	Grupo	Conflicto
1ºESO A	Guerra en Sudán	3º ESO B	Guerra en R.D. do Congo
1ºESO B	Guerra en Ucraína	3º ESO C	Guerra en Nigeria
2ºESO A	Armenia e Azerbaian	4º ESO A	Conflicto del Yemen
2ºESO B	Ditadura en Myanmar	4º ESO B	Guerra civil en Somalia
3ºESO A	Conclicto del Sáhara Occ.	4º ESO C	Conflicto Palestino-Israelí



Enlace a galerías de fotos: <https://photos.app.goo.gl/JJyh8REfordGrkHu7>